

Eleccións Sindicais 2019

#9maio



Para gañarmos
unha **UDC** con
FUTURO

PDI con dereitos e sen precariedade

Balance do traballo sindical e candidaturas

A CIG-ENSINO FAI BALANCE DO SEU TRABALLO SINDICAL NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Na Universidade da Coruña, nestes últimos catro anos a CIG-Ensinu ostentou a Presidencia do Comité de Empresa do PDI Laboral e a Secretaría da Xunta de Persoal do PDI funcionario, nunha etapa de intenso e frutífero labor sindical, especialmente relevante no ámbito dos procesos de estabilización e de promoción do profesorado. A CIG mantivo ao longo destes anos un papel de colaboración responsábel co goberno da institución e de apoio en todas aquelas cuestións que implicaban a defensa da nosa universidade, tanto fronte ás políticas da Xunta de Galiza, por exemplo, na reclamación dun máis xusto reparto dos fondos estruturais ligados ao plano de financiamento, como tamén fronte a infundados ataques mediáticos, como os relativos á situación económica da UDC.

Este apoio institucional non foi contraditorio cunha acción sindical centrada na salvagarda dos dereitos do PDI, especialmente do PDI contratado, que a CIG desenvolveu sempre en coherencia co seu programa de defensa absoluta dun modelo de universidade pública, galega e de calidade. Así, unha grande parte da nosa actividade centrouse no labor activo de vixilancia das políticas de estabilización do persoal contratado e na denuncia da situación de precarización e inestabilidade do PDI interino da UDC. Ao mesmo tempo, o noso sindicato implicouse activamente na negociación dunha nova normativa de Dedicación docente do PDI da UDC que, de se ter aprobado, implicaría un incremento do número de horas de docencia do PDI.

A CIG-Ensinu foi elemento clave para que non fose adiante esa proposta de revisión da normativa de Dedicación docente presentada desde o goberno da UDC. No seu día esta normativa





fora produto dun longo proceso de negociación entre sindicatos e goberno da universidade, un proceso que tiña como obxectivo a minimización dos efectos negativos da aplicación do Decreto Wert, ao recoñecer no cómputo da actividade docente algunhas actividades das moitas que na actualidade ten de realizar tamén o profesorado.

A CIG participou activamente na ardua negociación que se desenvolveu ao longo do curso 2017-18, onde mantivo desde o inicio unha postura moi crítica coa proposta de reforma que se pretendía implantar, coherente co seu posicionamento na contra do aumento da carga docente do profesorado. O resultado final foi a retirada da proposta, de modo que a normativa de dedicación mantívose, no substancial, sen cambios, o que permite evitar parcialmente os efectos lesivos da actual dedicación de 320 horas. Nesta liña, a CIG aposta por promover unha reforma da Normativa de Dedicación Docente da UDC que tenda a aproximar a dedicación máxima a 240 horas, no sentido de recuperar a normativa docente anterior á entrada en vigor do decreto 14/2012 (decreto Wert).

A CIG-Enseño defendeu a mellora dos programas de promoción e estabilización de persoal vixentes, facendo principal fincapé na necesidade de facer respectar o compromiso de creación de prazas adquirido pola Vicerreitoría de Profesorado cos colectivos de PDI que, aínda despois de teren cumprido coas súas obrigas docentes e investigadoras e de teren acadado as acreditacións esixidas para a súa estabilización, foron transformados a contratados/as interinos/as de substitución atendendo ás limitacións temporais vinculadas á taxa de reposición de persoal.

Do mesmo xeito, a CIG-Enseño mantén unha postura favorábel aos programas de promoción e de captación de talento (InTalent, RyC...), deseñados para mellorar a proxección internacional da UDC e para reforzar os xa bos resultados



de investigación acadados nos últimos anos polo colectivo de PDI que configura o seu cadro de persoal. Somos conscientes da necesidade de impulsar estes planos de captación facendo un uso racional dos mesmos, de xeito que se asegure a estabilización deste persoal, empregando mecanismos que non alonguen ou limiten a promoción do colectivo CIS e eviten ademais agravios comparativos entre áreas de coñecemento.

Dentro da política de acción sindical común a todas as universidades do SUG, a CIG tivo un papel central na loita en vía xudicial contra a discriminación do PDI temporal, o que derivou na extensión do pagamento dos complementos (quinquenios) a todo o PDI temporal a tempo completo ou a inclusión do PDI interino ou CIS nos complementos da ACSUG, na que tamén nos marcamos como obxectivo incluír todas as figuras de contratación temporal.

Por último, a CIG fixo énfase especial na denuncia da situación laboral actual do PDI con contratos a tempo parcial, tanto nas mesas sindicais como a través dun comunicado onde se apelaba á necesidade dunha reflexión profunda sobre a necesidade urxente de mellorar as condicións laborais e profesionais desta parte do PDI que recibe, a día de hoxe, unhas retribucións misérrimas.

Como sinalamos no seu día, consideramos que non é de recibo que a etapa educativa de maior cualificación e, por tanto, de maior relevancia académica, e que busca ser unha referencia no desenvolvemento educativo e social dun país, teña hoxe por hoxe unha taxa de contratación temporal tan elevada, favorecendo o emprego de baixa calidade nun ámbito en que as condicións laborais deberían estar ao nivel da alta esixencia profesional que a sociedade demanda da universidade.

CANDIDATURAS UDC

Candidatura PDI funcionario

- | | |
|---|---|
| 1 José Antonio Seijas Macías
Facultade de Economía e Empresa
Profesor titular | 13 Carlos Platas Iglesias
Facultade de Ciencias
Profesor titular |
| 2 Ánxeles Saavedra Places
Facultade de Informática
Profesora titular | 14 María Nieves Rodríguez Brisaboa
Facultade de Informática
Catedrática |
| 3 David Esteban Gómez
Facultade de Ciencias
Profesor titular | 15 Jesús Mirás Araújo
Facultade de Economía e Empresa
Profesor titular |
| 4 Carme Fernández Pérez-Sanjulián
Facultade de Filoloxía
Profesora titular | 16 Mercedes Regueiro Diehl
Facultade de Filoloxía
Profesora titular de Escola Universitaria |
| 5 Xosé Manuel Sánchez Rei
Facultade de Filoloxía
Profesor titular | 17 Eliseo Iglesias Soler
Fac. de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Profesor titular |
| 6 Xosé Manuel Carril Vázquez
Facultade de Dereito
Profesor titular | 18 Carlos Juan Gómez Blanco
Facultade de Filoloxía
Profesor titular |
| 7 Neves Arza Arza
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora titular | 19 Luz Puente Aba
Facultade de Dereito
Profesora titular |
| 8 Silvia María Lorenzo Freire
Facultade de Informática
Profesora titular | 20 Manuel Soto Castiñeira
Facultade de Ciencias
Catedrático |
| 9 Maª Antonia Pérez Rodríguez
Facultade de Humanidades e Documentación
Profesora titular | 21 Laura Tato Fontaiña
Facultade de Filoloxía
Profesora titular |
| 10 Alberto Oro Claro
Fac. de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Profesor titular | 22 Felipe Louzán Lago
ETS de Náutica e Máquinas
Profesor titular |
| 11 José Ramón Paramá Gabía
Facultade de Informática
Profesor titular | 23 Carlos Paulo Martínez Pereiro
Facultade de Filoloxía
Catedrático |
| 12 Emilia Luísa García Arthus
Facultade de Economía e Empresa
Profesora titular | 24 Luís Andrés González Ares
Facultade de Informática
Profesor titular de Escola Universitaria |

- | | |
|--|---|
| <p>25 Manuel Ferreiro Fernández
Facultade de Filoloxía
Catedrático</p> <p>26 Xosé Manuel Martínez Filgueira
Facultade de Economía e Empresa
Profesor titular</p> <p>27 Xosé Ramón Freixeiro Mato
Facultade de Filoloxía
Catedrático</p> | <p>28 Alberte Martínez López
Facultade de Economía e Empresa
Catedrático</p> <p>29 María Teresa López Fernández
Facultade de Filoloxía
Profesora titular</p> <p>30 Gustavo Rego Veiga
Facultade de Economía e Empresa
Profesor titular</p> |
|--|---|

Candidatura PDI laboral

- | | |
|--|---|
| <p>1 María Leticia Eirín García
Facultade de Filoloxía
Profesora contratada doutora</p> <p>2 Óscar Pedreira Fernández
Facultade de Informática
Profesor contratado doutor</p> <p>3 Ramón Muíño Boedo
Facultade de Ciencias
Profesor contratado doutor</p> <p>4 Alfonso Castro Martínez
Facultade de Informática
Profesor contratado doutor</p> <p>5 Laura M. Castro Souto
Facultade de Informática
Profesora contratada doutora</p> <p>6 David Soto Díaz
Facultade de Dereito
Profesor contratado interino de substitución</p> <p>7 Cristina López Villar
Fac. de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Profesora contratada doutora</p> <p>8 Elena Alfaya Lamas
Facultade de Humanidades e Documentación
Profesora contratada doutora</p> <p>9 Araceli Serantes Pazos
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada doutora</p> <p>10 Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor contratado doutor</p> | <p>11 Estefanía Mosquera Castro
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada interina de substitución</p> <p>12 Amparo Casares Gallego
Escola Técnica Superior de Arquitectura
Profesor contratado doutor</p> <p>13 Luis Miguel Puente Castelo
Facultade de Filoloxía
Contratado posdoutoral</p> <p>14 Ana González Neira
Facultade de Ciencias da Comunicación
Profesora contratada doutora</p> <p>15 Cathryn Teasley Severino
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora axudante doutora</p> <p>16 María Jesús Rodríguez Gulías
Facultade de Economía e Empresa
Profesora axudante doutora</p> <p>17 Ana Belén Cerdeira Pena
Facultade de Informática
Profesora axudante doutora</p> <p>18 Xoán Luís López Viñas
Facultade de Filoloxía
Profesor contratado doutor</p> <p>19 Luis Pena Mosquera
ETS de Enxeñeiros de Camións, Canais e Portos
Profesor contratado doutor</p> <p>20 Manuel Romero Gómez
ETS de Náutica e Máquinas
Profesor axudante doutor</p> |
|--|---|

- 21 **Belén Fernández Suárez**
Facultade de Socioloxía
Profesora axudante doutora
- 22 **Bruno Casal Rodríguez**
Facultade de Economía e Empresa
Profesor contratado interino de substitución
- 23 **Lucía Couceiro López**
Facultade de Ciencias
Profesora contratada interina de substitución
- 24 **Isabel Ruíz Bolaños**
Facultade de Ciencias
Profesora contratada doutora
- 25 **Cilla Lourenzo Modia**
Facultade de Filoloxía
Profesora axudante doutora
- 26 **Miguel Ángel Talavera Valverde**
Facultade de Ciencias da Saúde
Profesor asociado
- 27 **Nuria Fernández Rodríguez**
Facultade de Ciencias
Profesora contratada doutora
- 28 **Begoña Lasa Álvarez**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada interina de substitución
- 29 **Pablo Arias Rodríguez**
Fac. de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Profesor contratado interino de substitución
- 30 **Ana Neira Pena**
Facultade de Dereito
Profesora axudante doutora
- 31 **Carlos Piñeiro Sánchez**
Facultade de Economía e Empresa
Profesor contratado doutor
- 32 **Carolina Bernabeu Pena**
Facultade de Enfermaría e Podoloxía
Profesora asociada
- 33 **Guillermo de Bernardo Roca**
Facultade de Informática
Profesor contratado interino de substitución
- 34 **Carlos Soneira Calvo**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor axudante doutor
- 35 **Ana M^a Ínsua Pombo**
Facultade de Ciencias
Profesora contratada doutora
- 36 **Estefanía Mourelle Espasandín**
Facultade de Economía e Empresa
Profesora contratada doutora
- 37 **Montserrat Muriano Rodríguez**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesora contratada interina de substitución
- 38 **Roberto Samartín López-Iglesias**
Facultade de Filoloxía
Profesor axudante doutor
- 39 **María José Álvarez Bermúdez**
Facultade de Ciencias
Profesora contratada interina de substitución
- 40 **Diego Rivadulla Costa**
Facultade de Filoloxía
Contratado predoutoral
- 41 **Miguel A. Rodríguez Luaces**
Facultades de Informática e de Humanidades
Profesor contratado doutor
- 42 **Carles Dulsat Ortiz**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor contratado interino de substitución
- 43 **Sara Carou García**
Facultade de Dereito
Profesora contratada interina de substitución
- 44 **Xoán Carlos Pardo Martínez**
Facultade de Informática
Profesor contratado doutor
- 45 **Uxío Breogán Diéguez Cequiel**
Facultade de Ciencias da Educación
Profesor asociado
- 46 **Antía Pérez Caramés**
Facultade de Socioloxía
Profesora contratada doutora